




2011-2015

**II PLAN MUNICIPAL PARA A IGUALDADE
DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES
E HOMES**



Concello de Laxe

*II Plan Municipal para a
Igualdade de Oportunidades
entre Mulleres e Homes*

Financia: Concello de Laxe

Realiza: OBZ S.L.

Deseño: A Casa Ateigada

Impresión: Josmanpress

II Plan Municipal para a
Igualdade de Oportunidades
entre Mulleres e Homes

Concello de Laxe

Índice

	Páxinas
Introdución	6
Obxectivos xerais	8
Principios orientadores	10
Ámbitos de actuación	13
Metodoloxía	14
Diagnose cuantitativa	16
Plan de acción	36
Avaliación e seguimento	43
Agradecementos	44

Saúdo do Concello

Como Alcalde e cidadán de Laxe, síntome orgulloso de presentar este **II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes** do noso concello.

Nas últimas décadas, o papel da muller na sociedade, na política e no medio empresarial cambiou de xeito importante, aínda que a falta de normalización deste feito desvaloriza tales avances, polo que é preciso traballar firmemente para que a importante participación feminina en todos os ámbitos da vida diaria deixe de ser unha anécdota para tornarse en normalidade.

É tarefa de cada quen a nivel individual conseguir dita normalización, mais desde a administración local temos maior responsabilidade neste proceso, xa que somos exemplo da realidade laxense no seu día a día, tanto como cidadáns e cidadás, como profesionais políticos e técnicos. E precisamente por isto decidimos poñer en marcha este **II Plan de Igualdade**, comezando agora a tarefa máis ardua: cumprir as orientacións que nos axuden a facer fronte a todo aquilo que perpetúe a desigualdade entre sexos, logrando que a equiparación entre mulleres e homes sexa unha realidade incuestionable.

Estou seguro de que un traballo ben feito dará os seus froitos grazas á colaboración de todo o colectivo social, persoal e técnico, así como de toda a veciñanza de Laxe, imprescindible para levar adiante este proxecto.

Por último, agradecer nestas últimas liñas o gran interese de todas as persoas que fixeron posible, por medio da súa participación, a consecución deste **II Plan de Igualdade**, poñendo o mellor de si para acadar un futuro repleto de oportunidades igualitarias en todos os aspectos das nosas vidas.

D. Antonio Carracedo Sacedón

Alcalde – Presidente de Laxe

Introdución

As administracións locais experimentaron un importante progreso na implantación das políticas de igualdade. A súa achega á cidadanía permitiulles tomar consciencia das necesidades dos diferentes colectivos e das desigualdades presentes nos municipios.

O proceso de sensibilización e implicación institucional dos ámbitos internacionais, estatais e rexionais chegou tamén ás administracións públicas de ámbito local. É posible afirmar que os cambios, tendencias e prácticas que se detectaron nas políticas de igualdade estatais e autonómicas están presentes tamén, en maior ou menor medida, nas políticas de igualdade das administracións territoriais de ámbito local. Así, atopamos múltiples experiencias de fomento da igualdade de xénero no ámbito local en distintas deputacións e concellos.

Cada administración tivo unha evolución distinta en función do grado de compromiso adquirido en relación aos mandatos legais e, moi especialmente, das limitacións desde o punto de vista das competencias e recursos dispoñibles.

En relación ao compromiso das administracións locais con consecución da igualdade é evidente que, en canto poderes públicos, están suxeitas ao mesmo mandato que as administracións públicas do Estado ou das CCAA, que á súa vez o están respecto dos compromisos internacionais adquiridos en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; aínda que o ámbito de competencias das administracións locais está limitado por normativas de carácter específico.

Neste momento, o Concello de Laxe está a adoptar medidas que encamiñan a promoción da igualdade a todos os ámbitos. Do mesmo xeito, a Secretaría Xeral de Igualdade está contribuíndo a reforzar a dimensión da igualdade tanto na estrutura administrativa municipal como no contexto social.

Polo tanto, existe a vontade política de promover a igualdade no ámbito municipal, sendo o pilar fundamental da elaboración do II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Laxe, ferramenta que servirá para a planificación das políticas municipais de igualdade a poñer en marcha os vindeiros anos e cuxo desenvolvemento e execución tratará de mellorar unha situación de partida na que son visibles moitas e moi diversas fendas de xénero.

Para a elaboración deste Plan, tivéronse en conta, entre outros factores, a traxectoria municipal en materia de igualdade e as posibilidades concretas de actuación e intervención dos distintos departamentos municipais.

As achegas do persoal técnico municipal, dos distintos partidos políticos e das asociacións e entidades participantes na diagnose e na definición do plan de acción foron o principal marco de referencia para a elaboración deste Plan, que pretende responder ás necesidades detectadas e ás demandas expresadas. Desta maneira, procurouse fomentar a transversalidade de xénero como ferramenta metodolóxica no deseño e na avaliación das políticas públicas municipais, así como no proceso de toma de decisións.

O II Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Laxe 2011-2015, dando continuidade ao compromiso iniciado tempo atrás, desenvólvese en torno a 5 áreas de actuación:

Ámbito socioeducativo

Ámbito convivencial

Obxectivos operativos

e actuacións

Ámbito sociolaboral

Ámbito institucional

**Ámbito violencia de
xénero**

Obxectivos Xerais

Neste II Plan Municipal para a Igualdade entre Mulleres e Homes de Laxe, amosamos unha serie de obxectivos xerais para cada un dos ámbitos de actuación, concretando, en cada caso, diferentes obxectivos específicos.

Ámbitos	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
Socioeducativo	Potenciar a educación en valores igualitarios e non discriminatorios.	Impulsar a educación en valores igualitarios, propiciando unha cultura baseada no respecto e igualdade de oportunidades entre todas as persoas, para erradicar comportamentos sexistas e, en xeral, denigrantes.
		Fomentar unha educación corresponsable entre todos os membros da familia, especialmente pais e nais, como medida para inculcar aos fillos e fillas a corresponsabilidade.
		Promover a formación (educativa e profesional) entre a poboación nova, e as mulleres en xeral, para acadar a independencia económica e persoal.
Sociolaboral	Fomentar a inserción das mulleres no mercado laboral e favorecer a súa plena integración laboral por medio de medidas de conciliación persoal, familiar e laboral compartida entre homes e mulleres.	Fomentar o emprego aproveitando as relacións entre asociacións e entidades municipais.
		Impulsar accións formativas orientadas ao emprego como impulso do mesmo, aproveitando os recursos e medios xa dispoñibles e as relación con entidades supramunicipais.
		Fomentar o emprego local, sobre todo xuvenil, e especialmente o feminino.

Convivencial	Promover a participación activa das mulleres na vida política e social do municipio.	Impulsar actividades para potenciar a igualdade entre sexos e non violencia.
		Promover o asociacionismo e fortalecer as relacións entre o tecido asociativo, facendo visible o papel da muller en todas as actividades ou programas que desenvolven.
		Realizar actividades que axuden á conciliación persoal, familiar e laboral.
		Fomentar os hábitos de vida saudables e as relacións interpersoais como axuda á mellora da saúde física e psicolóxica.
Institucional	Integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas, comprometendo á Administración a previr e erradicar as situacións de desigualdade entre mulleres e homes no eido das súas competencias.	Impulsar e aplicar eficazmente desde a administración pública a transversalidade de xénero.
		Facer visible a situación das mulleres en Laxe a nivel laboral, social, político... e potenciar a súa participación activa en todos os ámbitos.
		Facilitar a conciliación familiar e laboral coa creación de recursos/programas e achegar os xa existentes á poboación con dificultades para acceder a eles.
		Propiciar axudas ao tecido asociativo mediante o aproveitamento de recursos municipais, orientando esta axuda principalmente á xuventude, para fomentar a súa participación a nivel socio-comunitario.
Violencia de xénero	Fortalecer comportamentos sociais baseados no respecto e a non violencia.	Facer visible a problemática da violencia de xénero e sensibilizar á poboación adulta e nova.
		Desenvolver formación en materia de violencia de xénero.
		Impulsar programas integrais, protocolos de coordinación e accións específicas de violencia de xénero a nivel municipal.

Principios Orientadores

Os principios orientadores que guían o II Plan Municipal para a Igualdade entre Mulleres e Homes de Laxe son:

TRANSVERSALIDADE, que supón incorporar a perspectiva de xénero na política municipal a todos os niveis, xerando mecanismos de coordinación institucional e interinstitucional. A transversalidade non debe ser desenvolvida unicamente desde os organismos específicos de igualdade, xa que calquera política que afecta á cidadanía produce directa ou indirectamente un impacto sobre as mulleres e homes.

PLURALIDADE E DIVERSIDADE. A aplicación deste principio supón recoñecer as diversas situacións e intereses das mulleres. Para avanzar en políticas que se adapten á realidade cambiante hai que considerar que as mulleres teñen unhas necesidades, intereses e situacións de vida diferentes unhas doutras e, polo tanto, estas diferenzas deben terse en conta no deseño das políticas de igualdade.

PARTICIPACIÓN. A incorporación das mulleres á vida da vila de forma activa é unha prioridade da acción municipal, recoñecendo que a participación das mulleres no municipio é un instrumento transformador da vida social a favor da convivencia e do respecto á diversidade.

COLABORACIÓN E COORDINACIÓN entre departamentos e administracións, tanto para o deseño como para a posta en marcha dunha política que promove a igualdade. Debemos ser conscientes de que a intervención neste ámbito require da implicación de moitos sectores (emprego, educación, cultura...) e da converxencia de esforzos cara similares obxectivos. A axeitada coordinación entre todas as partes implicadas permite optimizar os recursos e facilitar a transversalidade de xénero.

COMPROMISO POLÍTICO. A vontade política é un requisito imprescindible da administración local para facer efectivas as políticas de igualdade entre mulleres e homes. Dita vontade debe concentrarse nun orzamento que garanta a viabilidade das actuacións que se propoñen. Sendos compromisos facilitarán a corresponsabilidade nas actuacións que engloba o Plan, así como no seu seguimento e avaliación.

Do mesmo xeito, os obxectivos e accións contempladas neste Plan enmárcanse na lexislación e recomendacións existentes. A continuación detallamos algunhas das máis importantes e recentes para o deseño das actuacións públicas.

Ámbito Internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos **[1948]**
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres **[1952]**
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller **[1967]**
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller_CEDAW **[1979]**
- Declaración sobre a eliminación de todas as formas de violencia contra a muller **[1993]**
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing **[1995]**
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos **[1997]**
- Declaración do Milenio **[2000]**
- Documento final do Cumio Mundial **[2005]**

Ámbito europeo

- Tratado de Ámsterdam **[1997]**
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia **[2002]**
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo **[2002]**
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación ao Desenvolvemento **[2004]**
- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes **[2006]**
- Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres **[2006]**
- Plan de traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes **[2006-2010]**
- Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida Local **[2006]**
- Programa comunitario de Fomento do Emprego e da Solidariedade Social _PROGRESS.
- Programas de acción comunitaria, Daphne I, Daphne II e Daphne III **[2007-2013]**

Ámbito estatal

- Constitución Española de 1978.
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades [2008-2011]

Ámbito autonómico

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes [2007-2010]
- Plan de fomento da Corresponsabilidade [2007]
- II Plan Galego de Inclusión Social [2007-2013]
- Plan Galego de Cidadanía, Convivencia e Integración [2008-2011]

Ámbito Local

- I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Laxe [2004-2007]

Ámbitos de Actuación

Debido á intervención integral que formulamos, destacamos cinco grandes áreas a través das que intentamos abarcar un amplo marco de actuación. Ademais, cremos necesario destacar que todos os ámbitos están interrelacionados, de xeito que os esforzos por acadar algún dos obxectivos operativos inciden positivamente na consecución doutros.

ÁMBITO SOCIOLABORAL

A falta de igualdade de oportunidades no emprego é un feito verificable. O mercado laboral está caracterizado por dúas grandes fendas de xénero que condicionan o acceso, a permanencia e a calidade do emprego das mulleres (segregación horizontal e vertical). Neste caso, as actuacións van dirixidas a facer visibles estas fendas e a corrixilas, abordando aspectos relacionados coa sensibilización, a orientación laboral e a formación para o emprego.

ÁMBITO CONVIVENCIAL

Abórdanse diferentes aspectos relacionados principalmente coa conciliación dos tempos e a corresponsabilidade, a diversidade, o benestar e a participación social en todos os ámbitos. Este é un ámbito complexo no que as relacións formais e informais definen un contorno no que a integración e o respecto pola diferenza son cada vez máis necesarios. Asemade, cómpre destacar a importancia da implicación dos axentes sociais na consecución dos obxectivos formulados.

ÁMBITO INSTITUCIONAL

É un dos piares fundamentais no desenvolvemento de calquera política ou plan municipal de igualdade que reivindique a transversalidade. A pesar da responsabilidade do persoal político e técnico nos ámbitos de actuación xa mencionados, a formulación de obxectivos propios relacionados coa xestión e as tarefas cotiás na administración municipal vén determinada pola necesidade de incorporar novas ferramentas aos procesos de traballo e de facer extensible a toda a poboación e aos axentes sociais as actuacións ás que este Plan dá comezo.

ÁMBITO VIOLENCIA DE XÉNERO

A importancia deste ámbito esixe que conte cunha liña propia dentro do Plan. A violencia de xénero leva tempo sendo habitual nas nosas vidas, sobre todo a través dos medios de comunicación. En xeral, non sermos conscientes da envergadura do problema no seu conxunto require dunha forte dedicación na tarefa de sensibilizar sobre as súas consecuencias e de previr desde as idades máis temperás. Do mesmo xeito, cómpre facer efectivo o dereito das mulleres en situación de violencia a unha atención integral, especializada e coordinada entre os axentes implicados no seu tratamento e intervención.


Metodoloxía

A elaboración do II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Laxe seguiu unha metodoloxía baseada na investigación e na toma de decisións participativa.

No desenvolvemento do proxecto seguíronse as seguintes fases:


- 1ª. Impulso e coordinación inicial.** Configuración do equipo técnico e documentación previa.
- 2ª. Información e coordinación municipal.** Divulgación e invitación a todas as Concellerías, Departamentos e ao tecido asociativo á participación.
- 3ª. Realización da diagnose participativa.** Análise cuantitativa e cualitativa da situación de igualdade de xénero no municipio.
- 4ª. Elaboración e validación participativa do Plan.** Planificación operativa e concreta da estratexia planificadora.

A información obtida no proceso de investigación tivo como orixe diversas fontes de carácter cuantitativo e cualitativo. No primeiro caso, a información procedeu de diversas fontes estatísticas oficiais e da documentación achegada polo persoal técnico do Concello. No segundo caso, a información cualitativa foi recollida grazas á aplicación de diferentes técnicas de investigación social en diversas áreas de Laxe.



Polo seu carácter participativo, as técnicas de investigación social empregadas serviron para recopilar un gran volume de información que serviu de base na proposta de actuación que o Plan formula. As necesidades e as demandas reais da poboación recolléronse grazas á elevada participación cidadá, do persoal técnico e das e dos responsables políticos municipais.


Metodoloxía e participación:



Diagnose Cuantitativa

Poboación

Gráfico 1. Pirámide de poboación. 2009.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Segundo se observa na pirámide de poboación do ano 2009, a poboación de Laxe ten tendencia ao envellecemento, a súa base é máis estreita ca cúspide, especialmente no caso das mulleres. Entre os 35 e os 79 anos reúnese unha cantidade de poboación importante, 2.058 persoas, conformando o 60,3% do total de laxenses (o 60,75% da poboación feminina e o 59,85% da masculina), polo que a substitución xeracional dificultase.

Táboa 1. Evolución dos indicadores de poboación. 2004-2008.

	2004	2005	2006	2007	2008
Idade media	43,6	44,2	44,9	45,5	45,9
Mulleres	45,7	46,4	47,1	47,8	48,3
Homes	41,5	42	42,7	43,2	43,6
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	17,4	16,3	15,7	14,6	14,3
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	62,1	62,8	62,7	63,1	63,1
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	20,5	20,8	21,6	22,2	22,6
Índice de envellecemento	117,7	127,5	137,2	152,1	158,2
Índice de sobreenvellecemento	13,2	12,5	14,3	13,2	13,6
Índice de dependencia global	61,1	59,1	59,5	58,4	58,5
Índice de dependencia xuvenil	28,1	26	25,1	23,2	22,7
Índice de dependencia senil	33,1	33,1	34,4	35,2	35,9

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Na presente táboa prestaremos atención aos seguintes **indicadores de poboación**:

1. A **evolución da idade media** da poboación entre os anos 2004 e 2008, tanto en xeral como distinguindo por sexo. Así, a idade media xeral aumentou dos 43 anos e medio a case os 46. No caso das **mulleres**, a media aumentou dos 45 e medio en 2004 a pouco máis dos 48 en 2009. No caso dos **homes**, o aumento foi de 2 puntos, ascendendo dos 41 anos e medio aos 43 e medio. A explicación deste aumento da idade media, especialmente da feminina, débese ao aumento da poboación feminina, sobre todo nos grupos de idade máis avanzados.
2. A **cantidade de poboación menor de 20 anos** reduciuse en 129 persoas desde o ano 2004 ao 2008, posiblemente pola progresiva redución de nacementos no concello desde anos anteriores a este período.
3. Pola súa parte, a **poboación entre 20 e 64 anos** aumentou en 218 persoas, debido á falta de substitución xeracional, o que provoca que a maior idade, haxa maior cantidade de persoas.
4. En canto á **poboación de 65 e máis anos** elevouse ao longo do período en 47 persoas.
5. O **índice de envellecemento**, é dicir, o número de persoas con 65 e máis anos entre a poboación menor de 16 anos, incrementouse de xeito importante. En 2004 contábase con case 118 maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16 e en 2008 había 158 por cada 100, o que representa un aumento dun 34% do índice de envellecemento, e que é a mostra evidente do forte envellecemento da poboación que está a sufrir Galicia, e principalmente, os municipios do medio rural.
6. O **índice de sobreenvellecemento**, que fai mención ás persoas maiores de 84 anos en relación coas que teñen 65 e máis anos, tamén aumentou, pero levemente, xa que en 2004 este índice era do 13,2 e en 2008 era do 13,6, o que tamén é sintomático do aumento da esperanza de vida no municipio laxense.

7. O **índice de dependencia xuvenil** é a cantidade de menores de 16 anos por cada 100 persoas entre 16 e 64 anos. Este índice reduciuse notablemente pasando de 28 menores de 16 anos por cada 100 persoas en idade activa no ano 2004 a 22 menores de 16 anos no ano 2008, é dicir, un descenso de case un 20%.
8. O **índice de dependencia senil** refírese á poboación de 65 e máis anos en relación coa que ten entre 16 a 64 anos. Neste caso, a porcentaxe elevouse en case 3 puntos, é dicir, un aumento do índice dun 8,5% en só un lustro.
9. Co **índice de dependencia global** amósase a cantidade de poboación menor de 16 anos e maior de 64 por cada 100 persoas que teñen de 16 a 64 anos (persoas potencialmente activas para o emprego). Ao longo do tempo de referencia, este índice viuse reducido debido ao importante descenso da poboación xuvenil, aínda que a poboación maior aumentou. Así, comprobamos que en 2004 había 61 persoas dentro dos grupos de idade de referencia por cada 100 en idade activa e 58 en 2008, cun descenso de menos do 5%.

Táboa 2. Evolución da poboación segundo lugar de nacemento e residencia. (Abs.). 2005-2009.

	2005	2006	2007	2008	2009
Total	3.539	3.489	3.453	3.434	3.413
No concello de residencia	2.450	2.434	2.384	2.348	2.328
Noutro concello da mesma provincia	875	854	848	811	809
Noutra provincia de Galicia	28	25	27	28	29
Noutra comunidade autónoma	59	53	51	51	46
No estranxeiro	127	123	143	196	201

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.


Entre os anos 2005 e 2009, a meirande parte da poboación que residía no concello de Laxe, **naceu no mesmo**. Esta parte da poboación reduciu o seu número nun 1%, xa que no primeiro ano era o 69,2% do total de laxenses, e no último ano era o 68,2%. Esta redución pode ser debida á saída de poboación en busca de oportunidades laborais fóra do termo municipal.

As persoas residentes no concello e nadas noutro municipio da provincia da Coruña tamén se reduciron nun 1% no mesmo período, pasando do 24,7% ao 23,7%. **Mentres que a poboación nacida noutra provincia galega** mantívose practicamente invariable durante estes anos, cunha porcentaxe arredor do 0,8%.

En canto ás e os habitantes de Laxe **procedentes doutra comunidade autónoma**, reduciron a súa cifra desde 2005 a 2009, baixando do 1,7% do total da poboación ao 1,3%.


Por outra banda, **a chegada de persoas estranxeiras** ao concello ascendeu de forma importante durante os cinco anos aos que estamos facendo referencia, subindo do 3,6% a case o 6%, posiblemente como busca de posibilidades laborais no medio mariño.

Gráfico 2. Evolución do número de persoas nadas no estranxeiro que residen no concello. (Abs.). 2004-2009.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfico 3. Poboación estranxeira no concello (%). 2009.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Tal como se observa nos gráficos 2 e 3, a **poboación de Laxe nada no estranxeiro** amosa unha evolución ascendente, aínda que a porcentaxe de **poboación estranxeira** en 2009 conformaba soamente case o 2% do total de habitantes do municipio.

- No caso das **mulleres**, produciuse unha subida de máis do dobre entre o ano 2004 e o 2009, sendo nesta última data o 1,7% da poboación feminina laxense.
- En canto aos **homes**, a súa evolución supuxo un aumento de máis do dobre, igual que no caso das mulleres, rexistrando un 1,8% da poboación total municipal en 2009.

Táboa 3. Distribución da poboación estranxeira segundo sexo e principais lugares de procedencia (Abs.). 2009.

	Mulleres	Homes
Total poboación	1.717	1.696
Total poboación estranxeira	29	31
Total Europa	11	6
Francia	1	0
Italia	1	0
Portugal	4	2
Reino Unido	5	3
Total África	0	2
Senegal	0	2
Total América	18	19
Arxentina	1	1
Brasil	2	0
Colombia	2	1
Perú	13	16
Total Asia	0	3


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Atendendo á poboación chegada doutros países, comprobamos que:

- Segundo **lugar de procedencia**, destacan os países sudamericanos como principal punto de orixe, procedendo deles sobre un 60% de mulleres e de homes.
- A **poboación estranxeira feminina** procedente de países europeos rexistraba case o 38%, mentres que non había mulleres africanas nin asiáticas.
- No caso da **poboación estranxeira masculina**, os inmigrantes de países europeos eran o 16,1%, os chegados de África eran o 6,5% e de Asia, case o 10%.

Mercado de Trabajo


Gráfico 4. Actividades económicas con maior número de empresas (%). CNAE 2009. Terceiro trimestre de 2010.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.

No terceiro trimestre de 2010, a **pesca** (xunto con **actividades agrícolas e forestais**) rexistrou o maior número de empresas en Laxe: 39. Hai que indicar que as actividades con maior número de empresas no concello son a **construcción** e o **comercio** e a **reparación de vehículos**, con 20 empresas cada unha. A **hostalaría**, en 2010 era a sexta ocupación en número de empresas, contabilizando 5. E a **industria manufactureira**, pola súa banda, rexistrou 7 empresas.

Gráfico 5. Actividades económicas con maior número de persoas traballadoras (%). CNAE 2009. Terceiro trimestre de 2010.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.

No terceiro trimestre de 2010, os sectores con maior número de persoas traballadoras foron semellantes aos de anos anteriores, situándose en primeiro lugar a **pesca, agricultura, gandería e silvicultura** con 114 persoas contratadas.

As seguintes actividades a destacar foron o **comercio** e a **reparación de vehículos** (con 72 persoas), a **construción** (con 58), a **administración pública e defensa**, ademais de traballos relacionados coa **seguridade social obrigatoria** (con 55) e a **hostalaría** (49 persoas).

Táboa 4. Número de empresas localizadas segundo actividade principal e estrato de persoas asalariadas (Abs.). CNAE 93. 2009.

	Todas as actividades	Industria	Construción	Servizos
Total	247	37	62	148
Microempresa (de 0 a 10 traballadoras/es)	245	37	61	147
Pequena empresa (de 11 a 50 traballadoras/es)	2	0	1	1
Mediana empresa (de 51 a 250 traballadoras/es)	0	0	0	0
Gran empresa (máis de 250 traballadoras/es)	0	0	0	0


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

No ano 2009, no concello de Laxe destacaba a **microempresa** (empresas con 10 ou menos traballadores e traballadoras), cunha porcentaxe do 99, 2% do tecido empresarial laxense; tendencia que continúa a día de hoxe.

Segundo sectores, o que contaba con maior número de empresas nese ano era o de **servizos**, co 60%, seguido da **construción** co 24,9% e, por último, a **industria** cun 15,1%.

A **pequena empresa** (cun número de empregados/as entre 11 e 50) rexistraba un 0,8% do total de empresas, pertencendo 1 á **construción** e outra ao sector **servizos**. E, por último, en canto á **mediana empresa** (de 51 a 250 traballadores/as) e á **gran empresa** (con máis de 250 empregados/as), o concello de Laxe non conta con ningunha de tales tamaños.

Gráfico 6. Evolución do número de contratos segundo sexo (Abs.). 2005-2009.





Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.

O número de contratos rexistrados entre 2005 e 2009 evolucionou da seguinte forma:

- **Mulleres:** rexistraron un número menor có dos homes durante todo o período de referencia, aínda que as cifras de contratación feminina aumentaran entre o inicio e o final deste período, aumentando a súa porcentaxe nun 28%. O maior número de contratos rexistrouse en 2007, cun 10,6% máis que no ano 2009.
- **Homes:** o número de contratos entre a poboación masculina subiu un 27,2% entre 2005 e 2009, a pesar de que en 2008 se rexistrou unha cifra máis baixa que en 2007, cun 18,6% menos, pero a cifra de contratos recuperouse ao ano seguinte nun 18,7%.

Gráficos 7 e 8. Porcentaxe de ocupacións máis contratadas segundo sexo. Terceiro trimestre de 2010.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.

No terceiro trimestre de 2010, as ocupacións máis contratadas por sexo foron as seguintes:

- **Ámbito feminino:** destaca, principalmente, a contratación no sector servizos para postos de **camareiras** (20 mulleres contratadas) e de **persoal de limpeza** (18 mulleres). As **operarias de máquinas de coser e bordar** e as **dependentas de comercio** rexistráronse 8 e 6 respectivamente. As **cociñeiras** e as **recolledoras de lixo** contaron con 4 mulleres contratadas en cada unha destas ocupacións.
- **Ámbito masculino:** a ocupación na que máis homes foron contratados continuou sendo, como en anos anteriores, a pesca, especificamente os **mariñeiros de cuberta** con 18 contratos. Os **albaneis e canteiros** rexistraron 12 contratos, seguidos dos traballadores na música (**compositores, músicos e cantantes**) con 11. As restantes ocupacións máis contratadas foron as de **socorristas** (con 8 contratos) e **camareiros e pescadores de altura** (con 6 homes contratados).


Gráficos 9 e 10. Ocupacións máis demandadas no ámbito feminino e masculino (%). Terceiro trimestre de 2010.

Mulleres



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Homes




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Segundo estes gráficos, comprobamos que as ocupacións máis demandadas segundo sexo son:

- **Mulleres:** principalmente demandan traballo como **persoal de limpeza** (95 mulleres demandantes), **de recolleita de lixo** (76) e como **dependentas de comercio** (51). A demanda como **operarias de máquinas de coser e bordar** e como **peóns forestais** rexistran 33 mulleres demandantes, seguidas da **asistencia domiciliaria** con 32.
- **Homes:** a súa demanda céntrase, principalmente, en **albanelería e cantería** (con 47 demandantes de emprego) e **construción** (40). Como **recolledores de lixo**, a demanda rexistra 31 homes, a **pesca** 23 e a **carpintería**, 19.

Gráfico 11. Paro rexistrado por grupos quinquenais de idade. 2010.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

O paro rexistrado durante o ano 2010, desagregado **por sexo e grupos quinquenais de idade**, represéntase no presente gráfico, comprobando que as cifras de paro feminino foron superiores ás do masculino en case todos os grupos de idade, agás nas menores de 25 anos e de 55 e máis anos.

Analizando esta evolución por **idades divididas entre menores e maiores de 25 anos**, observamos que a meirande parte son persoas de 25 e máis anos, especialmente mulleres.

Ademais, sinalar que durante o último quinquenio, o paro en Laxe foi en ascenso, rexistrando 327 persoas no ano 2010, supoñendo un ascenso do 21,4% desde o 2005.

Táboa 5. Perfil das persoas paradas de longa duración menores e maiores de 25 anos. Terceiro trimestre de 2010.

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Sexo	Home	Muller
Grupo de Idade	20 a 24 anos	60 a 64
Nivel Académico	Titulación de ensino obrigatorio, FP	Ata Certificado de Escolaridade*
Sección da clasificación CNAE	Construción	Industria

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego das Cualificacións.

*Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificados e sen estudos.

Como peche deste apartado, indicamos que no terceiro trimestre de 2010 o **perfil das persoas en situación de paro durante máis dun ano** varía en función da súa idade:

- **Poboación menor de 25 anos:** o perfil é masculino, con idades comprendidas entre os 20 e os 24 anos. A titulación que posúe este grupo de poboación é a elemental ou a formación profesional. Ademais, o sector principal ao que pertence é a construción.
- **Poboación de 25 e máis anos:** neste caso, cambian todas as variables. A meirande parte desta poboación son mulleres, entre 60 e 64 anos, cun nivel académico primario sen certificado e, incluso, sen estudos. A actividade á que pertence a maioría é a industria.


Educación

O nivel educativo que posúe a poboación activa constitúe un elemento fundamental a ter en conta para o desenvolvemento económico municipal xa que inflúe directamente nas posibilidades reais de inserción laboral.

Cabe sinalar a dificultade de obter datos actualizados neste ámbito, tendo que facer análise de datos do ano 2001. Non obstante, a importancia desta variable fai que resulte interesante observar este estudo.

Como dato relevante, como se comproba no gráfico seguinte, no citado ano a taxa de analfabetismo no concello de Laxe, entre a poboación de 16 e máis anos, era do 5,1 entre as mulleres e o 1,5 entre os homes, polo que se aprecia unha diferenza por sexo de 3,6 puntos.

Gráfico 12. Taxa da analfabetismo da poboación de 16 e máis anos. 2001.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa 6. Alumnado matriculado en Laxe segundo sexo e nivel de ensino (Abs.). Cursos 2004-2005 e 2009-2010.

	2004-2005			2009-2010		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
Total	354	168	186	263	108	155
Educación infantil	62	23	39	53	30	23
Educación primaria	155	70	85	131	50	81
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	129	74	55	79	28	51
Programas de cualificación profesional inicial	8	1	7	0	0	0


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

En canto aos centros educativos, o municipio de Laxe contaba no curso 2009-2010 con 2 centros de infantil e primaria e 1 de educación primaria e secundaria obrigatoria. O alumnado que cursa bacharelato e formación profesional debe desprazarse a concellos limítrofes que contan con algún centro deste tipo, principalmente a Baio (Zas).

Atendendo aos niveis de estudo existente no municipio de Laxe, o alumnado matriculado no concello de Laxe no curso 2004-2005 pertencía a **educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e programas de cualificación profesional inicial**, case manténdose esta mesma clasificación no curso 2009-2010, agás a cualificación profesional, que neste curso non rexistraba alumnado.

En liñas xerais, a poboación estudantil matriculada no municipio descendeu entre os dous cursos de referencia, pasando de 354 alumnos e alumnas no primeiro deles a 263 no último, o que supón un descenso de máis dun 25% do total de alumnado. Segundo sexo, este descenso foi moi importante, cun 35% menos de mulleres e un 16% menos de homes.

Gráfico 13. Alumnado estranxeiro matriculado en Laxe segundo continente de procedencia (Abs.). Cursos 2004-2005 e 2009-2010.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.


A inmigración no concello de Laxe notouse entre os anos 2004 e 2010, plasmando este fenómeno na matriculación de alumnado estranxeiro no concello.

No primeiro destes cursos, 2004-2005, soamente había unha alumna estranxeira, procedente dun país europeo. En cambio, no curso 2009-2010 o alumnado estranxeiro matriculado eran 10 persoas, das que 7 procedían do continente americano, contando 3 rapazas e 4 rapaces.

Outros lugares de procedencia eran países europeos e asiáticos. No primeiro dos casos, había 1 alumna e 1 alumno, mentres que no segundo caso, soamente había 1 rapaz.

Saúde

Gráfico 14. Evolución das defuncións segundo sexo no concello de Laxe. 2005-2009.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

No presente gráfico compróbase que, entre os anos 2005 e 2009, as **defuncións no concello segundo sexo** foron, xeralmente, superiores no caso dos varóns, agás nos dous últimos anos do período de referencia, observando que en 2008 faleceron un 11,8% máis de mulleres que de homes, e en 2009 a mortalidade entre as mulleres dobrou a de homes.

- Comparando ao longo de todo o período, as defuncións de mulleres aumentaron desde 2005 ata 2009 un 45%. A principal causa deste aumento, en comparación coa mortalidade masculina, é que o número de mulleres é superior ao de homes a partir dos 60 anos.
- En canto ás defuncións de homes, descendéron en termos xerais un 70%, mais este descenso variou ao longo do tempo sinalado, aumentando entre 2005 e 2006 un 10,5% e un 24% entre 2006 e 2007. A partir de entón, o descenso foi progresivo, rexistrando en 2008 un 40% menos que o ano anterior, e en 2009 un 33% menos que en 2008.

Gráfico 15. Recursos humanos no centro de saúde. 2010.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

A **oferta asistencial** existente no centro de saúde é a seguinte:

- Medicina xeral e/ou de familia.
- Enfermería xeral.
- Pediatría.
- Vacinación.

Durante o ano 2010, os **recursos humanos** no centro de saúde estaban **masculinizados**, xa que agás a auxiliar de enfermería, que era unha muller, o resto do persoal eran homes, conformando o 85% do cadro sanitario.

Violencia de Xénero

O Partido Xudicial de Carballo, ao que pertence o concello de Laxe, comprende os seguintes municipios: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, **Laxe**, Malpica de Bergantiños e Ponteceso. Entre todos estes núcleos réunese unha poboación total de 70.246 habitantes, dos cales o 5% é poboación laxense.

Táboa 7. Poboación que comprende o Partido Xudicial de Carballo. Comarca de Bergantiños. 2010.

Concello	Poboación		
	Total	Mulleres	Homes
Cabana de Bergantiños	4.909	2.505	2.404
Carballo	31.149	15.932	15.217
Coristanco	7.165	3.683	3.482
A Laracha	11.213	5.737	5.476
Laxe	3.417	1.711	1.706
Malpica de Bergantiños	6.178	3.188	2.990
Ponteceso	6.215	3.099	3.116
Total poboación	70.246	35.855	34.391

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa 8. Número de denuncias segundo a persoa que denuncia. Partido Xudicial de Carballo. Segundo trimestre de 2010.

Denuncias recibidas		15
Atestado policial	Con denuncia da vítima	15
	Con denuncia familiar	0
	Por intervención directa policial	0
Renuncias ao proceso		3
Denuncias de mulleres españolas		3
Denuncias de mulleres estranxeiras		0
Ratio de denuncias		0,2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Segundo se ve na presente táboa, 15 foron as **denuncias** interpostas por violencia de xénero no segundo trimestre de 2010, todas por medio de atestados policiais con denuncia da propia vítima. Entre tales denuncias, produciuse un 20% de renuncias ás mesmas por parte de mulleres españolas, sen rexistrar renuncias de mulleres estranxeiras.

A ratio de denuncias no Partido Xudicial de Carballo era de 0,2 puntos, superado por outros partidos xudiciais galegos, como o de Muros (con 0,27), O Porriño e Pobra de Trives (0,33 respectivamente), A Estrada (0,36), e O Barco de Valdeorras e Xinzo de Limia (0,57 cada un).

Táboa 9. Ordes de protección segundo sexo e nacionalidade da vítima e da persoa denunciada. Partido Xudicial de Carballo. Segundo trimestre de 2010.


Vítima: muller española menor de idade	1
Vítima: muller española maior de idade	0
Vítima: muller estranxeira menor de idade	1
Vítima: muller estranxeira maior de idade	0
Denunciado: home español	1
Denunciado: home estranxeiro	1
Total	2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

En canto ás **ordes de protección** na comarca de Bergantiños, segundo a nacionalidade da persoa que denuncia e da persoa denunciada, rexistráronse 2 ordes, repartidas nun 50% entre un home español e un estranxeiro, ambas as dúas de mulleres menores de idade, unha española e unha estranxeira.

Participación

Gráfico 16. Composición do pleno municipal segundo sexo (%). 2011.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Laxe.

O pleno do concello de Laxe ten unha composición maioritariamente masculina, con 8 homes, e 3 mulleres, conformando pouco máis dun cuarto do total do cadro governamental.

Táboa 10. Composición do pleno segundo forzas políticas e sexo (Abs.). 2011


Partidos políticos	Total	Mulleres	Homes
PSOE	6	2	4
PP	2	0	2
Terra Galega	2	1	1
Independentes	1	0	1
Total	11	3	8

Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Laxe.

Os partidos políticos presentes na vida de Laxe son PSOE, PP, Independentes por Laxe e Terra Galega.

Sinalamos que o único partido político que ten unha representación igualitaria entre homes e mulleres é Terra Galega, xa que conta cun reparto por sexo do 50% entre as concelleiras/os. No tocante aos demais grupos políticos, o PP e o partido de Independentes teñen unha representación municipal 100% masculina. Pola súa parte, o PSOE ten un reparto segundo sexo do 33,3% de concelleiras e un 66,7% de concelleiros.

Gráfico 17. Distribución do cadro de persoal municipal segundo sexo (Abs.). 2011.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Laxe.


Dentro do **cadro de persoal municipal** comprobamos que a representación de homes e mulleres ten unha porcentaxe máis aproximada que a referente á representación política. Entre o persoal do concello, cun total de 23 persoas, atopamos 10 mulleres (43,5%) e 13 homes (56,5%).

Segundo postos de traballo, as mulleres están relacionadas con:

- Emprego e promoción económica, departamento que conta cun 100% de mulleres.
- Turismo, cun reparto equilibrado por razón de xénero.
- Cultura, cun terzo de ocupación feminina.
- Servizos Sociais, cun 100% de mulleres.
- Oficinas xerais, cun 33% de homes, diferenciando entre un reparto equitativo nas oficinas do Concello e unha contratación 100% feminina nas oficinas do Xulgado.

Pola contra, no tocante aos departamentos de Seguridade Cidadá, Urbanismo, Deportes e Servizos Múltiples a ocupación é 100% masculina.

Gráfico 18. Asociacións municipais segundo ámbito de actuación (Abs.). 2011.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados polo Concello de Laxe.

A meirande parte das asociacións laxenses pertencen ao ámbito lúdico, sendo un 57,9% do tecido asociativo. Concretando, un 63,6% son culturais e un 36,3% son deportivas.

- Outras categorías de asociacións presentes no municipio son:
- Asociacións de mulleres (10,5%).
- Asociacións veciñais (10,5%).
- Asociacións de prestación de servizos sociais (15,8%).
- Asociación de nais e pais (5,3%).

O cadro directivo das asociacións en Laxe está masculinizado, xa que o reparto segundo sexos queda arredor dun 40% de mulleres e un 60% de homes nos postos presidenciais, de secretaría e tesourería, recaendo habitualmente estes dous últimos en mulleres.

En casos concretos, as directivas dalgunhas asociacións están compostas no seu 100% por homes ou por mulleres, como é o caso das asociacións deportivas e algunha asociación cultural, con cargos directivos representados unicamente por homes, e as asociacións de Amas de Casa e de Redeiras, nas que a directiva é feminina. En canto á asociación de nais e pais de alumnos/as do centro educativo, a directiva mostra un reparto porcentual do 80% de mulleres e un 20% de homes, xa que se conta coa presenza só dun home.

Plan De Acción

Ámbito socioeducativo

Obxectivo xeral: Potenciar a educación en valores igualitarios e non discriminatorios.		
Obxectivos específicos	Actuacións	Poboación destinataria
1. Impulsar a educación en valores igualitarios, promovendo unha cultura baseada no respecto e igualdade de oportunidades entre todas as persoas, para erradicar comportamentos sexistas e, en xeral, denigrantes.	1. Continuo desenvolvemento de obradoiros prácticos para o alumnado sobre igualdade, non violencia, hábitos de vida saudables, sexualidade...	Alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria
	2. Colaboración dos centros educativos con asociacións culturais, deportivas, etc. para fomentar a participación da infancia e a xuventude en distintas actividades promovendo a participación entre sexos.	Alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria
	3. Fomento da lectura na infancia e na adolescencia con perspectiva de xénero, mediante a realización de actividades nos centros educativos e na biblioteca municipal.	Alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria
	4. Creación dunha sección nas bibliotecas escolares dedicada ás mulleres artistas.	Profesorado Alumnado
2. Fomentar unha educación responsable entre todos os membros da familia, especialmente pais e nais, como medida para inculcar aos fillos e fillas a corresponsabilidade.	1. Continuación da Escola de pais e nais.	Familias
	2. Participación das familias nas actividades escolares sobre coeducación e corresponsabilidade, relacionadas coa educación da infancia e xuventude sobre o cambio de roles e actitudes igualitarias.	Familias

3. Promover a formación (educativa e profesional) entre a poboación nova, e as mulleres en xeral, para acadar a independencia económica e persoal.	1. Fomento da promoción educativa das mulleres como medio para o seu desenvolvemento persoal e social.	Mulleres
	2. Fomento da continuación de estudos entre a poboación nova e as mulleres do concello.	Toda a poboación
	3. Promoción do acceso da poboación feminina ás novas tecnoloxías.	Mulleres
	4. Ampliación das datas límite de inscrición nos cursos de alfabetización, como axuda á incorporación das mulleres cuidadoras de dependentes.	Toda a poboación

Ámbito sociolaboral

Obxectivo xeral: Fomentar a inserción das mulleres no mercado laboral e favorecer a súa plena integración laboral por medio de medidas de conciliación persoal, familiar e laboral compartida entre homes e mulleres.		
Obxectivos específicos	Actuacións	Poboación destinataria
1. Fomentar o emprego aproveitando as relacións entre asociacións e entidades municipais.	1. Aproveitamento dos recursos invernaís e estivais, e publicidade dos mesmos, para fomentar o emprego turístico, mediante a colaboración entre o Concello e as asociacións, organizando actividades variadas: concertos, ciclos de cine, festas para a xuventude, concentracións deportivas...	Toda a poboación
2. Impulsar accións formativas orientadas ao emprego como impulso do mesmo, aproveitando os recursos e medios xa dispoñibles e as relacións con entidades supramunicipais.	1. Aproveitamento de locais municipais para facer cursos orientados ao emprego relacionados co ámbito marítimo (patrón/a de embarcacións, pesca, redeiras, etc.)	Toda a poboación
	2. Continuación de cursos de emprendemento levados a cabo polo Concello e maior publicidade dos mesmos.	Toda a poboación
	3. Mantemento da vinculación do Concello nos programas de formación para o emprego desenvolvidos por entidades supramunicipais.	Toda a poboación
3. Fomentar o emprego local, sobre todo o xuvenil, e especialmente o feminino.	1. Desenvolvemento dunha bolsa municipal de emprego que abrangue todos os sectores de actividade do concello e creación dun viveiro de empresas.	Toda a poboación

Ámbito convivencial

Obxectivo xeral: Promover a participación activa das mulleres na vida política e social do municipio.		
Obxectivos específicos	Actuacións	Poboación destinataria
1. Impulsar actividades para potenciar a igualdade entre sexos e a non violencia.	1. Desenvolvemento dun curso de “Xestión do tempo”, para promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes.	Toda a poboación
	2. Fomento da participación dos homes nas conferencias, seminarios, xornadas, obradoiros... sobre igualdade de oportunidades e violencia de xénero.	Toda a poboación
2. Promover o asociacionismo e fortalecer as relacións entre o tecido asociativo, facendo visible o papel da muller en todas as actividades ou programas que desenvolven.	1. Establecemento de liñas de colaboración entre distintas entidades/asociacións e os departamentos municipais, co fin de desenvolver accións que posibiliten a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	Toda a poboación
	2. Colaboración entre o tecido asociativo e os centros educativos para fomentar a participación da infancia e a xuventude en actividades, sen distinción de sexo, promovendo valores de igualdade.	Infancia Xuventude
	3. Contribución a facer visibles as aportacións das mulleres nos distintos ámbitos, promovendo o cambio de papeis e estereotipos asignados pola sociedade a mulleres e homes.	Toda a poboación
	4. Fomento do empoderamento feminino no asociacionismo, en colectivos de mulleres e mixtos, impulsando a súa participación nas directivas e presidencias.	Toda a poboación
3. Realizar actividades que axuden á conciliación persoal, familiar e laboral.	1. Realización, desde as asociacións, de actividades para a infancia durante os períodos de vacacións escolares para axudar á conciliación laboral e familiar.	Familias
4. Fomentar os hábitos de vida saudables e as relacións interpersoais como axuda á mellora da saúde física e psicolóxica.	1. Realización de actividades que fomenten os hábitos de vida saudables.	Toda a poboación
	2. Favorecer a inclusión na sociedade das persoas que se atopan en situación de risco ou exclusión social.	Toda a poboación (especialmente colectivos en situación de risco social)

Ámbito institucional

Obxectivo xeral: Integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas (principio de transversalidade), comprometendo á Administración a previr e erradicar as situacións de desigualdade entre mulleres e homes no eido das súas competencias.		
Obxectivos específicos	Actuacións	Poboación destinataria
1. Impulsar e aplicar eficazmente desde a administración pública a transversalidade de xénero.	1. Integración do principio de transversalidade de xénero na organización e xestión do traballo municipal, fomentando o uso dunha linguaxe administrativa con perspectiva de xénero nos documentos oficiais, memorias de programas, publicacións...	Toda a poboación
	2. Implicación de todas as concellarías no impulso do Plan de Igualdade de Oportunidades, facendo da perspectiva de xénero o eixe da política municipal en todos os seus ámbitos.	Toda a poboación
	3. Garantía do cumprimento do principio de igualdade no eido da actividade laboral do concello e nas contratacións beneficiarias de subvención.	Toda a poboación
	4. Potenciación do coñecemento do PIOM.	Toda a poboación
2. Facer visible a situación das mulleres de Laxe a nivel laboral, social, político... e potenciar a súa participación activa en todos os ámbitos.	1. Impulso da igualdade de acceso e a plena participación das mulleres, nas estruturas de poder e toma de decisións, en todos os ámbitos sociais, políticos, económicos e culturais, establecendo órganos que favorezan a súa participación.	Toda a poboación
	2. Elaboración dun informe municipal sobre as condicións sociolaborais no concello (en colaboración con entidades supramunicipais) para facer visibles as problemáticas laborais por cuestión de sexo.	Toda a poboación
3. Facilitar a conciliación familiar e laboral coa creación de recursos/ programas e achegar os xa existentes á poboación con dificultades para acceder a eles.	1. Axuda á conciliación da vida familiar e laboral mediante a creación de recursos, como unha gardería , ludoteca, centro de día... ademais de difundir por medio de campañas (informativas e de sensibilización) a conciliación e o respiro familiar.	Familias
	2. Achegamento ás parroquias de profesionais relacionados coa saúde, alimentación..., para poboación con dificultades para acudir ao centro de saúde e achegamento da prestación de servizos de coidado.	Toda a poboación (especialmente terceira idade e persoas dependentes)

<p>4.</p> <p>Propiciar axudas ao tecido asociativo mediante o aproveitamento de recursos municipais, orientando esta axuda principalmente á xuventude, para fomentar a súa participación a nivel socio-comunitario.</p>	<p>1. Soporte ao tecido asociativo (por exemplo, coa creación dunha oficina municipal de atención e asesoramento) e estímulo da participación igualitaria de mulleres e homes na vida social, política e económica.</p>	<p>Toda a poboación</p>
	<p>2. Fomento de programas de ocio alternativo para a xuventude e creación/cesión dun local para desenvolver ditos programas, actividades...</p>	<p>Xuventude</p>

Ámbito violencia de xénero

Obxectivo xeral: Fortalecer comportamentos sociais baseados no respecto e a non violencia.		
Obxectivos específicos	Actuacións	Poboación destinataria
1. Facer visible a problemática da violencia de xénero e sensibilizar á poboación adulta e nova.	1. Incorporación do principio de igualdade de oportunidades e traballo da non violencia nos distintos niveis educativos, nos procesos de orientación educativa, nos materiais e prácticas pedagóxicas e no proceso de formación e capacitación de persoas adultas.	Alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria Alfabetización de persoas adultas
	2. Celebración do 8 de marzo e do 25 de novembro con actos significativos, ademais de estender tales actos a outras datas ademais das indicadas, mediante a sensibilización e concienciación ante todo tipo de violencia física, psicolóxica, sexual... en todos os ámbitos.	Toda a poboación
2. Desenvolver formación en materia de violencia de xénero	1. Impulso da formación para todo o persoal técnico e corpos de seguridade sobre violencia de xénero, así como profesionais interesados na materia.	Persoal técnico do concello Policía Local Garda Civil Centro de saúde Poboación en xeral
	3. Impulso de programas integrais de loita contra a violencia xénero que permitan xestionar de forma axeitada os procesos de intervención coas vítimas.	Toda a poboación
3. Impulsar programas integrais, protocolos de coordinación e accións específicas de violencia de xénero a nivel municipal.	2. Creación dun protocolo oficial de coordinación en materia de violencia de xénero (por exemplo, para coordinar o acompañamento de mulleres pola Garda Civil e a Policía Local a lugares de referencia).	Toda a poboación
	3. Realización de mesas de traballo periódicas sobre violencia de xénero e doméstica entre o Concello, o centro de saúde e os corpos de seguridade presentes no municipio, para fomentar o traballo en rede.	Toda a poboación
	4. Desenvolvemento de medidas de prevención da violencia contra as mulleres a través da información e asesoramento, co fin de facilitar que tomen conciencia dos seus dereitos e recursos sociais.	Toda a poboación
	5. Promoción de obradoiros sobre autoestima persoal e social das mulleres vítimas de malos tratos, fomentando actitudes necesarias que as capaciten para enfrontarse ás dificultades eficazmente, acceder ao mercado laboral e á plena integración social.	Toda a poboación

Avaliación e Seguimento

Para unha correcta execución e posta en marcha do II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Laxe é necesario definir e poñer en marcha mecanismos de seguimento das actuacións, ao tempo que estratexias de avaliación que permitan valorar de xeito sistemático e riguroso o alcance real de ditas actuacións. Este debe ofrecer información relevante para orientar a toma de decisións de cara a potenciar os logros e corraxir as súas posibles carencias. Polo tanto, o sistema de seguimento e avaliación do Plan levarase a cabo a través de diferentes recursos instrumentais, informes e memorias que avalíen as accións levadas a cabo.

A avaliación permite dispor de información continua para coñecer a situación do plan, o cumprimento dos obxectivos e o seguimento dos resultados.

A finalidade do seguimento e da avaliación é a de velar para que o Plan responda aos obxectivos definidos e se poidan adoptar medidas correctoras no caso de atopar desviacións.

Para levar a cabo o seguimento e a avaliación é imprescindible o emprego do Plan Operativo que acompaña ao Plan de Acción, que supón un resumo estratéxico con indicadores específicos para o seu seguimento anual e avaliación. As fichas operativas, clasificadas en función das áreas de actuación e dos obxectivos, recollen información cualitativa e cuantitativa que ha de guiar a execución do Plan de Acción e a identificación dos axentes sociais encargados do desenvolvemento das actuacións previstas. O Plan Operativo é un documento de traballo do que deben dispor todos os departamentos do concello que teñen responsabilidade no plan.

Agradecementos

O Concello de Laxe, a través da Concellaría de Benestar Social, agradece aos axentes sociais que participaron na elaboración deste II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes as súas achegas e visións sobre a realidade social e as posibilidades de intervención.

Entrevistas

Persoal técnico municipal

- Dpto. Servizos Sociais
- Dpto. Emprego e Promoción Económica
- Dpto. Cultura
- Dpto. Turismo
- Dpto. Seguridade Cidadá
- Dpto. Urbanismo

Tecido asociativo local

- ANAPA ESPRIN
- Asociación Amas de Casa
- Asociación Cultural Valverde
- Asociación Gastronómica “O tren da unha”
- Asociación Cultural Hot Club de Laxe
- Asociación Cultural de Amigos da Coral Polifónica Atalaia
- Motoclub de Laxe
- Club Náutico de Laxe
- Sociedade de Cazadores de Laxe
- Asociación Veciñal de Serantes
- Asociación de Veciños San Antonio
- Asociación de Minusválidos “O Peñón”
- Cáritas parroquial de Laxe e Serantes
- Cruz Vermella
- Asociación de Redeiras
- Mariscadora

Centro de saúde

Centros educativos

- CPI Cabo da Area
- CEIP de Torrexalóns
- CEIP de Traba

Partidos políticos

- PSOE Laxe
- Partido Popular Laxe
- Independentes por Laxe
- Terra Galega Laxe

Entidades supramunicipais

- Asociación Íntegro
- Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD) Costa da Morte

Mesas de traballo

Mesa Socioeducativa e Convivencial

- Dpto. Servizos Sociais
- Dpto. Cultura
- CPI Cabo da Area
- Asociación Gastronómica “O tren da unha”
- Hot Club de Laxe
- Motoclub de Laxe
- Asociación Cultural Amigos da Coral Polifónica Municipal Atalaia
- Sociedade de Cazadores de Laxe
- Asociación Veciñal de Serantes
- AA.VV. San Antonio
- Asociación de Minusválidos “O Peñón”
- Cáritas parroquial de Laxe e Serantes
- Asociación Íntegro
- Cruz Vermella
- Mesa Sociolaboral e Institucional
- Dpto. Servizos Sociais

- Dpto. Emprego e Promoción Económica
- Asociación de Redeiras
- Unidade de Promoción e Desenvolvemento (UPD) Costa da Morte

Mesa Violencia de xénero

- Dpto. Servizos Sociais
- Policía Local
- Garda Civil
- Centro de saúde

II PLAN MUNICIPAL PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES



Concello de Laxe

